

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

11427 Orde EHA/1843/2011, do 30 de xuño, pola que se regula a publicación de anuncios na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a notificación por comparecencia.

O artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establece que cando non sexa posible efectuar a notificación por causas non imputables á Administración tributaria se citarán o interesado ou o seu representante para seren notificados por comparecencia.

A citación deberase efectuar mediante anuncios, que se publicarán por una soa vez para cada interesado, nos cales se indique brevemente o contido do acto pendente de notificar e o lugar onde os interesados poderán comparecer, no prazo que se establece, para coñecemento do mencionado acto e constancia de tal coñecemento, producíndose entón a notificación propiamente dita.

O artigo 45 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, dá nova redacción ao artigo 112 da Lei xeral tributaria, establecendo a posibilidade de utilizar como medios alternativos de publicación, para os únicos efectos dos anuncios de citación para comparecer e sen afectar o réxime de notificacións, a sede electrónica do organismo correspondente e o «Boletín Oficial del Estado» ou boletíns das comunidades autónomas ou das provincias.

Para a Axencia Estatal de Administración Tributaria contén unha regra específica, ao prever que publicará na súa sede electrónica os anuncios correspondentes ás notificacións que deba practicar en exercicio das competencias que lle corresponden en aplicación do sistema tributario estatal e alfandegueiro e na xestión recadatoria dos recursos que ten atribuída ou encomendada. Esta publicación en sede electrónica ten carácter substitutivo de acordo coa posibilidade establecida polo artigo 12 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e polo artigo 6.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007.

Establece o artigo 112.1 a) da Lei xeral tributaria que por orde do ministro de Economía e Facenda se determinarán as condicións, datas de publicación e prazos de permanencia dos anuncios na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular a publicación de anuncios na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria para citar o interesado ou o seu representante para seren notificados por comparecencia, nos supostos establecidos e cos efectos previstos no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A publicación electrónica de anuncios na sede da Axencia terá carácter substitutivo nos termos previstos no artigo 112.1 a) da Lei xeral tributaria.

Artigo 2. *Condicións e garantías de publicación.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria publicará os seus anuncios na súa sede electrónica principal, correspondente ao enderezo electrónico de referencia <https://www.agenciatributaria.gob.es>.

2. O Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no ámbito das competencias e funcións que lle corresponden, será responsable de:

- a) Garantir a autenticidade e integridade do contido dos anuncios publicados.

b) Garantir, mediante o emprego dos medios técnicos adecuados, a xeración do código seguro de verificación ou doutro sistema de sinatura electrónica que asegure a integridade do anuncio publicado e do acordo de publicación adoptado polo titular do Servizo de Xestión Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria no exercicio das súas funcións.

Artigo 3. *Condicións de acceso.*

1. O acceso aos anuncios publicados na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria estará dispoñible de forma libre e gratuíta sen necesidade de utilizar ningún sistema de identificación e autenticación.

Poderase acceder as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, salvo que resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico.

2. A Axencia Estatal de Administración Tributaria ofrecerá un sistema de busca que permita aos destinatarios localizar as notificacións pendentes que se refiran a eles.

A consulta en cada un dos anuncios publicados realizarase a través do NIF do destinatario.

A consulta por NIF á relación de anuncios publicados en sede que puideren afectar un determinado destinatario requirirá a acreditación mediante o correspondente DNI electrónico ou certificado de sinatura electrónica válido.

3. Os cidadáns poderán en todo momento recuperar e obter por si mesmos e de forma directa copia impresa daqueles anuncios que lles interesen.

4. Nas oficinas de información e atención ao público da Axencia Estatal de Administración Tributaria facilitarase a mera consulta pública e gratuíta dos anuncios publicados na súa sede electrónica.

Artigo 4. *Comparecencia electrónica.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria habilitará un enlace que permita aos interesados ou aos seus representantes, titulares ou destinatarios dunha notificación pendente, o acceso mediante DNI electrónico ou certificado electrónico válido, ao contido das actuacións administrativas na súa sede electrónica cos efectos propios da notificación por comparecencia, nos termos previstos nos artigos 35.1 c) e 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 5. *Contido dos anuncios.*

Os anuncios publicados na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria figurarán numerados de maneira correlativa por anos e terán o seguinte contido:

a) Referencia á concorrencia dos requisitos e circunstancias que, de conformidade coa lei, facultan para practicar a notificación por este medio.

b) Mención expresa ao prazo para comparecer e ás consecuencias derivadas da non comparecencia.

c) Información sobre a posibilidade que teñen os titulares ou destinatarios dos actos pendentes de notificar de accederen, debidamente identificados mediante DNI electrónico ou certificado electrónico válido, ao contido deles través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria cos efectos propios da notificación por comparecencia.

d) Identificación do órgano que acorda a publicación.

e) Para cada notificación pendente que se inclúa no anuncio consignarase NIF, nome ou razón social do destinatario, procedemento/concepto a que corresponde o acto pendente de notificar, con identificación do expediente de notificación, órgano competente para a súa tramitación e oficina, con expresión do seu domicilio, en que efectuar a comparecencia.

f) En todo anuncio publicado se incluírá o código seguro de verificación que permita contrastar a súa autenticidade e integridade.

Artigo 6. *Datas de publicación e prazos de permanencia dos anuncios.*

1. Os martes e xoves de cada semana, incluídos os declarados festivos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria publicará na súa sede electrónica o anuncio para citar os interesados ou os seus representantes para os efectos de seren notificados por comparecencia nos procedementos e polos órganos que no propio anuncio se expliciten.

2. A Axencia Estatal de Administración Tributaria manterá expostos de forma destacada os anuncios na súa sede electrónica durante un prazo de 15 días naturais contados desde o seguinte ao da súa publicación, prazo en que, de conformidade co artigo 112.2 da Lei xeral tributaria, se deberá producir a comparecencia para efectos de notificación.

Transcorrido este prazo, os anuncios continuarán expostos para os únicos efectos informativos ou de consulta.

Eliminaranse os anuncios publicados en sede electrónica sempre e cando se dese cumprimento á obriga de comparecencia neles establecida ou cando prescribisen os dereitos correspondentes á totalidade dos destinatarios e procedementos que comprendan.

3. Para os efectos de cómputo de prazos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria establecerá as medidas adecuadas que garantan a constatación da data e hora de publicación dos anuncios.

Artigo 7. *Acreditación da publicación.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria certificará a publicación destes anuncios na súa sede electrónica.

Estas certificacións, que se poderán xerar de maneira automatizada, autenticaranse mediante código seguro de verificación e acreditarán a data e hora de publicación, identificando o destinatario, o procedemento a que se refira, o órgano competente de tramitación, o lugar e prazo de comparecencia e a data en que se produciu a notificación no caso de non comparecencia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos quince días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será aplicable aos anuncios que se publiquen no primeiro día dos sinalados no artigo 6.1, posterior á súa entrada en vigor.

Madrid, 30 de xuño de 2011.—A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.